

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO
COÑECEMENTO EN SAÚDE E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA PARA A
ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA: “A INSTRUCCIÓN DOS PROCEDEMENTOS EN
MATERIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL SANITARIA”**

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, **don Julio García Comesaña**, en calidade de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS), con CIF Q1500412J e domicilio social en Avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, nº 37, portal A-B, 1ª planta, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma e en virtude das facultades que lle confire o artigo 11 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte **don José Ángel Oreiro Romar**, Secretario Xeral do Consello Consultivo de Galicia (en adiante CCG), nomeado polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia na sesión celebrada o vinte e dous de marzo de dous mil dezasete, ao abeiro do disposto no artigo 22.2 da Lei 3/2014, do 24 de abril (Resolución do 22 de marzo de 2017 pola que se fai público o nomeamento, DOG núm. 61, do 28/03/2017), actuando en nome e representación do CCG, en virtude das facultades que lle confire o artigo 22.1 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do CCG, o artigo 22.1 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do CCG e a Resolución do 9 de novembro de 2020, da Presidencia do Consello Consultivo de Galicia, de delegación de sinatura no Secretario Xeral para a sinatura do Convenio de Colaboración entre a ACIS e o CCG para a organización da actividade formativa: “A instrucción dos procedementos en materia de responsabilidade patrimonial sanitaria”;

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que polo decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica

definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Segundo.- Que o CCG é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía desta, goza de autonomía orgánica e funcional, e os seus membros non están ligados por ningún mandato imperativo.

En atención á súa autonomía o CCG administra os créditos que lle asigne o orzamento da Comunidade Autónoma e xestiona a súa política de persoal de conformidade coa normativa autonómica, co seu regulamento de organización e funcionamento interno e as normas que o desenvolvan.

No Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia establécese como función da presidencia do CCG “Aprobar a organización das actividades convenientes para o mellor cumprimento das funcións do Consello e proporlle ao Pleno a subscrición de convenios con toda clase de persoas ou entidades públicas ou privadas”.

Terceiro.- Que ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo para mellorar a instrución dos expedientes de Responsabilidade Patrimonial Sanitaria, fomentar canais de comunicación entre o CCG e a Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios e ofrecer aos profesionais do Servizo Galego de Saúde unha formación xurídica avanzada e especializada.

Cuarto.- Que o presente convenio se formaliza ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que “As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sin que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.”

Quinto.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou de outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En virtude do anterior, as partes asinan o presente convenio de colaboración co fin de participar no logro dos obxectivos manifestados, que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto colaborar na organización da actividade formativa "A instrución dos procedementos en materia de Responsabilidade Patrimonial Sanitaria dirixida a instrutores/as de expedientes de Responsabilidade Patrimonial derivada da Asistencia Sanitaria e xefes/as de Unidade e de Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios co obxectivo de optimizar a instrución dos expedientes de Responsabilidade Patrimonial Sanitaria tramitados pola Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade.

O CCG asume o compromiso de aportar o persoal de formación e o material divulgativo adecuado para impartir a actividade formativa.

ACIS comprométese á organización, xestión e secretaría técnica da actividade descrita.

Este convenio non xera obrigas económicas para ningunha das partes que o asinan.

Segunda.- NATUREZA XURÍDICA.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Terceira.- PROPIEDAD INTELECTUAL.

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes.

Cuarta.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes se comprometen a gardar a mais estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois



de concluída a presente colaboración.

Quinta.- NON EXCLUSIVIDADE.

Este convenio non limita a ACIS para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo

Sexta.- VIXENCIA.

O presente acordo estará vixente dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o cumprimento total das obrigas contraídas aceptadas polas partes, salvo denuncia expresa de calquera das partes con unha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

Este convenio será prorrogable de común acordo cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen. No caso de prórroga, formalizarase por escrito.

Sétima.- RESOLUCIÓN ANTICIPADA.

Serán causas de extinción do presente convenio as contidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A resolución anticipada do convenio comportará a liquidación do mesmo por acordo da Comisión de Seguimento.

Oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

No caso de dúbidas ou desavinzas na interpretación deste convenio, calquera das partes asinantes poderá instar a creación dunha Comisión de Seguimento, para dirimir as mesmas, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Por ACIS: A persoa que ostente a Xerencia ou persoa en quen delegue.

Por CCG: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue.

Novena.- JURISDICCIÓN.

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décima.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de



transparencia e bo goberno e no artigo 46 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente acordo de colaboración, por duplicado exemplar e en todas as súas páxinas, no lugar e data expresados no encabezamento.

POLA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	POLO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA
FDO.: JULIO GARCÍA COMESAÑA	FDO.: JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR



Anexo

1. Programa de actividades propostas

TITULO: “A instrución dos procedementos en materia de responsabilidade patrimonial Sanitaria”
Celebraranse dúas edicións formando grupos de 20 persoas, previstas a primeira para novembro e a segunda para decembro, respectando en todo caso as medidas preventivas establecidas para a prevención da COVID 19 e recollidas no “Protocolo para a asistencia ás sesións presenciais da formación continua no sistema público de saúde de Galicia no contexto da COVID 19” posto en marcha na ACIS.

O curso ten unha duración de 15 horas.

OBXECTIVOS:

- Analizar as principais causas de devolución dos expedientes de Responsabilidade Patrimonial derivada da asistencia sanitaria por parte do Consello Consultivo.
- Optimizar a instrución dos expediente de Responsabilidade Patrimonial co obxecto de minimizar a porcentaxe de devolucions actual.
- Fomentar canais de comunicación entre o Consello Consultivo e a Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios.
- Ofrecer aos profesionais da Inspección Médica unha formación xurídica avanzada e especializada.

DESTINATARIOS:

- Instrutores/as de expedientes de Responsabilidade Patrimonial derivada da Asistencia Sanitaria
- Xefes/as de Unidade e de Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios

METODOLOXÍA :

Cada módulo do programa constará do seguinte material didáctico:

- Vídeo presentación do titor, cunha exposición oral da materia a tratar no módulo
- Presentación power point en formato descargable
- Material didáctico complementario: Casos prácticos, ditames do CCG, sentenzas, etc..
- Foro interactivo para debate e consultas , no que tratarán de responderse a dúbidas prácticas concretas

MÓDULOS (susceptible de modificación):

1.- “A intervención do CCG nos expedientes de Responsabilidade Patrimonial Sanitaria”

No presente módulo pretendemos realizar un análise estatístico dos expedientes de RPS ditaminados polo CCG e ilustrar sobre o funcionamento da base de datos de ditames do CCG.

2.- “A viabilidade da reclamación: vicios ou defectos imputables ao reclamante”

No presente módulo analizaranse as posibles causas de inadmisión das reclamacións de RPS por erros na reclamación formulada polo interesado.



3.- “A instrución dos procedementos de RPS”

No presente módulo analizaranse a tramitación destes expedientes

4.- “A doutrina do CCG: criterios interpretativos”

No presente módulo analizaranse os acordos e ditames do CCG nos que se adoptan criterios interpretativos en relación con reclamacións de expedientes en materia de RPS.

5.- “A Responsabilidade Patrimonial Sanitaria na Xurisdición Contencioso-administrativa. A Proba en sede xudicial”

No presente módulo analizaranse a máis recente xurisprudencia en relación con reclamacións de expedientes en materia de RPS

